Espazo Xeográfico: neste recanto o alumnado utiliza planos, mapas, planisferios, globos terráqueos, etc., para localizar e situar diferentes elementos: formas do relevo, ríos, países, lugares de interese...

Espazo Audiovisual: neste recanto o alumnado emprega diferentes medios audiovisuais para publicar e transmitir os coñecementos adquiridos. Os medios e recursos empregados son: tablets, ordenadores, aplicacións dixitais e programas informáticos de texto, imaxe, audio e vídeo.

Espazo Artístico: neste recanto o alumando elabora diferentes creacións plásticas sobre os temas traballados.

O INFORMADEIRO: Todas as actividades teñen un paraqué en sí mesmas, unhas veces é gozar ao realizalas, e outras veces na saída que teñen cara ao exterior a través dos medios de comunicación: radio, prensa, televisión, internet, exposicións, presentacións, representacións, debates, etc. Á vez que lle dan sentido e funcionalidade ás actividades, os medios de comunicación fan que medre o interese e a motivación. O tipo de saída que teñan as actividades determinará a planificación, a responsabilidade do alumnado e o uso de recursos. Contamos cun espazo no centro no que colocamos os recursos necesarios para desenvolver nel programas de radio, televisión, elaboración da prensa escrita e confección e edición dun caderno de bitácora online. Este espazo ten un grupo asignado cada dous días e conta cuns mestres que diariamente pasa a xornada lectiva nese espazo.

Dous alumnos de 3o, 4o, 5o e 6o desenvolverán cada dous días o traballo dos medios de comunicación. O traballo consiste na elaboración de escaletas para a radio, programas de televisión (debates, informativos...), noticias para o xornal escolar e a publicación das novidades nas redes sociais do centro e no blog do Informadeiro.

Neste tipo de organización, os contextos de aprendizaxe soen ser estables ao longo de todo o ano. Isto quere dicir que o alumnado pasa, periódica e sistemáticamente por todas as zonas para traballar nun proxecto determinado dun xeito multidisciplinar desenvolvendo así todas e cada unha das competencias clave. Esta estabilidade ofrécelle ao alumnado a posibilidade de profundar no coñecemento e desenvolver as súas capacidades.

Os contextos de aprendizaxe son complementarios. En todos eles, á parte da aprendizaxe de conceptos e procedementos tamén axudan a ir desenvolvendo a personalidade e as relacións sociais.

A organización social destes espazos posibilita a expresión de emocións e a interacción. Por medio desta interacción os esquemas conceptuais e actitudinais van evolucionando, e ao mesmo tempo vaise desenvolvendo a identidade de cada persoa e a do grupo. Para logralo, fomentamos o traballo en grupo, xa que a interacción mutua serve para enriquecer o proceso de aprendizaxe de cada individuo.

Deste xeito se organiza a actuación educativa do CEIP Cidade Vella da Coruña.

2. Outras características metodolóxicas que nos definen

o A mestura de idades é un elemento máis que amplía tanto o marco da diversidade como o da interacción social. Nos grupos de Infantil e Primaria (1o con 2o, 3o con 4o e 5o con 6o) xúntase o alumnado dos dous niveis diferentes dos xa desaparecidos ciclos. Deste xeito, posibilitamos a interacción e ofrecemos a posibilidade de desempeñar roles diferentes. En Educación Infantil alumnado de 3, 4 e 5 anos traballan conxuntamente sempre.

o Aprendizaxe cooperativa e disposición do alumnado en grupos/equpos. Todo o alumnado do centro, dende Educación Infantil ata 6o de Educación Primaria, traballa atendendo ás normas xerais de aprendizaxe cooperativo e colaborativo.

Para iso é fundamental a disposición das mesas e sillas. En todo o centro as mesas e sillas se colocarán en grupos (mínimo de 3 e máximo de 6).

O tipo de estratexias de traballo cooperativo e colaborativo serán deseñadas e implementadas na aula polo profesorado. En sesións formativas será obrigatorio trasladar ao resto do claustro o que, cando, como e porqué se desenvolven co alumnado.

o Programas de ciclo. Pensamos que a mellor maneira de organizar a planificación didáctica no relativo ao currículo é deseñando programas curriculares por ciclos de dous anos. Este feito ofrece a posibilidade a cada individuo de desenvolver o seu propio potencial e avanzar segundo o seu ritmo e nivel.

o A integración real e efectiva das TACs. A nosa aposta pola integración e o uso das tecnoloxías nas nosas aulas consiste básicamen en utilizalas para que o alumnado poida crear contido propio por si mesmo.

Dende a nosa perspectiva a tecnoloxía debe utilizarse con sentido común (e en igualdade de condicións que o resto de materiais didácticos). Ao igual que co aprendizaxe de calquera tipo de contido dunha determinada área, a entrada de información que se lle ofrece ao alumno debe ser de calidade e a saída que o alumno lle da a esa información a través dun produto final debe ser tamén de calidade. Para facelo así xoga unha importancia vital o uso das TAC dende unha perspectiva creadora e creativa.

Por outro lado o uso das TIC no noso centro ten unha dobre finalidade: gozar do seu uso e darlle saída ao exterior aos traballos que elabora o alumnado a través dos medios de comunicación que traballamos na escola. Nos Contextos de

Aprendizaxe a integración das TAC ten unha dobre finalidade para o alumnado de 3o, 4o, 5o e 6o: a creación de contido propio para o alumnado (a través do uso e manexo de aplicacións e programas de alto potencial educativo e creativo) e a necesidade de darlle saída ao exterior dos traballos que realizan nas aulas.

o A Mediateca e a Biblioteca son os lugares de recursos, son as fontes básicas de información para realizar as actividades dos minicontextos. O libro de texto non é un recurso básico. Existen moitos materiais e compártense.

A mediateca é o lugar onde se gardan os distintos materiais didácticos que son necesarios para traballar nos contextos e minicontextos de aprendizaxe.

A biblioteca é o eixo central do acceso á información para traballar as distintas propostas didácticas e proxectos.

o Utilizamos plans de traballo: son listados de procedementos ordenados e sistemáticos para realizar as actividades presentes nos distintos contextos e minicontextos de aprendizaxe, que axudan ao alumno a planificar o traballo, a centrarse na actividade, a situarse no proceso de aprendizaxe e a desenvolver a súa autonomía.

Os plans de traballo serán remitidos á dirección do centro (semanal ou mensualmente) coa finalidade de facerse cun banco de recursos que configurará as programacións didácticas dos diferentes niveis, etapas e áreas.

En Educación Infantil, 1o e 2o de Educación Primaria e nos Contextos de Aprendizaxe o alumnado ten que ter acceso aos plans de traballo de forma física na aula.

Para facelo suxírese seguir as seguintes recomendacións:

- Os plans de traballo en Educación Infantil integrarán imaxe (na parte superior) e textos breves con letra en maiúsculas e minúsculas (na parte inferior).
- Os plans de traballo en 1o e 2o de Educación Primaria integrarán breves textos en letras minúsculas na parte superior do documento (con pasos ben pautados para realizar a actividade) cunha imaxe relacionada na parte inferior.
- Os plans de traballo nos Contextos de Aprendizaxe esixirán un maior grado de integración de texto (coas explicacións e pasos ben definidos e explicitados con claridade). A integración da imaxe será opcional.

o Implicamos ao alumnado na avaliación. O alumnado, a través de rúbricas, debe coñecer de antemán o plantexamento das actividades, exercicios e tarefas a desenvolver e as competencias e coñecementos que se van avaliar. Isto axudará ao alumnado a tomar conciencia da súa propia evolución nos procesos de aprendizaxe que se desenvolvan.

Cada proxecto se iniciará dándolle a coñecer ao alumnado a rúbrica que determinará a avaliación. Esa rúbrica integrará elementos propios de cada proxecto e items xerais que serán utilizados en todos os proxectos e indicadores máis específicos de cada unha das actividades que se desenvolverá en cada recanto da aula e do proxecto didáctico a traballar. Ademais disto, será necesario que estas rúbricas sexan coñecidas tamén polas familias para garantir o acceso a información dos proxectos que se están desenvolvendo nas aulas.

Trimestralmente o profesorado lle pide ao alumnado unha avaliación do proceso educativo seguido nos diferentes contextos de aprendizaxe.

Ademais desta importante actuación, con respecto á avaliación tamén debemos considerar os seguintes aspectos:

- Co obxectivo de ofrecer unha maior información ás familias do proceso educativo dos seus fillos e fillas, todo o profesorado do centro participa na elaboración cuatrimestral duns informes individualizados que se entregan en man nos meses de febreiro e xuño onde se lle ofrece unha información ás familias moito máis completa que o simple boletín de cualificacións: potencialidades, elementos a mellorar, desenvolvemento integral (emocional, social, cognitivo, persoal...), etc.

- O profesorado do centro realiza, ao remate do curso, unha autoavaliación da súa función docente. Os datos desta autoavaliación docente e da avaliación que o alumando fixo do seu proceso educativo vivido son recollidos na memoria final do curso como propostas de mellora para o vindeiro curso.

O traballo en equipo do profesorado é imprescindible para deseñar e xestionar os programas e proxectos didácticos, avaliar o proceso de aprendizaxe, cumprir co traballo diario e levar a cabo os proxectos do centro.

O profesorado ten a obriga de traballar en equipo cos demais mestres que conforman o claustro. Esta coordinación dase con maior cercanía entre os mestres da etapa de Educación Infantil, 1o ciclo e entre os responsables dos contextos de aprendizaxe.

De todas maneiras, o profesorado especialista debe preocuparse por coñecer os proxectos que están desenvolvendo nas diferentes aulas para que as propostas didácticas das especialidades poidan relacionarse cos proxectos didácticos das titorías. E viceversa tamén.

o A formación do profesorado ten que ser permanente, continuada e sen fin. Todas as fontes de formación son enriquecedoras pero cremos que son esenciais as dinámicas formativas que se dan no interior das estruturas do centro. Pensamos que é moi importante que o centro dispoña de espazos, tempos e lugares nos que poder compartir experiencias formativas mutuamente: formación "in situ" no interior da aula, sesións formativas fóra do horario lectivo no que os relatores seremos nós mesmos, profesionais externos que nós solicitamos segundo as nosas necesidades, PFPP... Temos que ser consciente que con estratexias deste tipo a formación desenvólvese todos os días e dun xeito natural no contacto entre iguais (docentes).

Un novo concepto de titoría. En Educación Primaria, no momento colectivo, hai dúas sesións específicas dentro do horario que se distribuirán semanalmente: unha semana será a sesión de titoría e á semana seguinte a sesión que chamamos "comisións de mellora". Os obxectivos destas dúas sesións son:

- Analizar a realidade do grupo e as relacións, provocar a comunicación, facer aflorar situacións afectivas.
 - Profundar no autocoñecemento.
 - Analizar problemas e temas sociais, axudar a desenvolver unha actitude positiva ante eles.

O profesor/a, para dinamizar as sesións de titoría, utilizará toda a información que diariamente vai recollendo nas

diferentes actividades. O noso sistema posibilita ao alumnado expresar os seus sentimentos, coñecerse mellor e canalizar as súas relacións; por tanto non é necesario inventar xogos, contamos continuamente con situacións reais. O obxectivo das sesións das "comisións de mellora" é fomentar unha actitude positiva para a convivencia e levar a cabo diferentes iniciativas que puideran producir melloras no noso centro e en distintos eidos: convivencia, medio ambiente, estética interna e externa do centro, biblioteca, recreos, actividades extraescolares... ou outras que se consideren necesarias.

En cada grupo de alumnos/as elixiranse responsables para cada comisión, que, cada quince días, se reunirán para analizar o que está sucedendo nesas realidades e propoñer melloras.

o Outras propostas que se están iniciando este mesmo curso:

- Visitas das familias para ver "in situ" o desenvolvemento do Proxecto Educativo.
- Participación voluntaria de familias e veciños para favorecer a interacción do alumnado en actividades académicas e curriculares.
- Organización de Faladoiros Literarios, Científicos, Matemáticos e Artísticos coas familias como forma de acercamento cultural na contorna máis próxima.
- Sesións formativas á comunidade educativa sobre diferentes temáticas: usuarios de bibliotecas, tecnoloxías, pedagogía, arte...etc.

10.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

GRUPOS DE REFORZO NAS ÁREAS INSTRUMENTAIS

- Traballarase no primeiro trimestre a lectura (destreza lectora, comprensión, entoación,...) con todo o grupo, nos outros trimestres o mestre reforzará aquel alumnado que presente un ritmo de aprendizaxe máis lento ou amosen algunhas dificultades na adquisición dos obxectivos propostos especialmente nas áreas de lingua e matemáticas.
- Realizaranse os reforzos nalgunha área onde presenten algún desfase con respecto ao resto do grupo (resolución de problemas, lectura mecánica, conceptos novos, cálculo,...).

ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE LENTA

Propor actividades variadas con distintos niveis de dificultade, estimulantes e motivadoras.

Aumentar as expectativas de éxito con actividades que poidan realizar, xa que o éxito ten un factor motivador para a aprendizaxe

Adaptar as actividades ao seu nivel .

Utilizar espazos que nos permitan realizar un itinerario personalizado e variado para proporcionar axuda continuamente. Axuda entre compañeir@s

ALUMNADO CON RITMO DE APRENDIZAXE RÁPIDA.

Planificar actividades de afondamento, é dicir, cun nivel maior de complexidade con respecto ás dos seus compañeiros.

Propor actividades nas que ampliamos o contido.

Organizar algunha actividade onde este alumnado comparta os seus intereses co resto do grupo: a través da narración, iniciativas para levar a cabo proxectos,...

Colaboración estreita coas familias para o intercambio de información e de material.

Darlle a oportunidade de ser alumnos titores de compañeiros máis lentos.

11.- ADAPTACIÓNS CURRICULARES.

No noso centro actuaremos da seguinte maneira para a elaboración e seguimento de adaptacións curriculares:

1. Presentación ao claustro de información sobre as adaptacións curriculares.

O protocolo de actuación presentarase no claustro para a súa aprobación.

No mes de setembro o departamento de orientación informará ao claustro da existencia ou non de adaptacións curriculares e lembrará o procedemento de actuación que se seguirá na elaboración de novas A.C.I.s. Deben fixarse os criterios que determinan o tipo de apoio que os alumnos/as con A.C.I. recibirán do mestre/a de P.T. (dentro ou fora da aula ordinaria) e os momentos e canles axeitadas de comunicación entre o departamento de orientación e o mestre/a tutor/a ou especialista. Ademais, este protocolo integrarase na Programación Xeral Anual.

2. Elaboración de materiais didácticos.

Os mestres, coa colaboración do departamento de orientación se así o requiren, elaborarán no mes de setembro materiais e actividades con distinto nivel de dificultade.

Posteriormente, en función do alumno/a, elaborárase un caderniño para aqueles alumnos/as que vaian á aula de Pedagogía Terapéutica. Este caderniño levará unhas follas de observación onde, tanto o mestre/a de aula como o mestre/a de Pedagogía Terapéutica, farán anotacións en función da evolución do alumno/a.

3. Revisión de expedientes.

Durante a primeira quincena do curso, a orientadora e o titor/a de grupo revisarán os expedientes, elaborando un listado de alumnos/as con A.C.I. e de alumnos/as que teñan unha orientación educativa de cara a unha adaptación curricular. Para as adaptacións curriculares no cambio de etapa é preciso pedir unha nova autorización.

4. Avaliación inicial: toma de decisión.

Coa información recollida na revisión de expedientes, transcorrido un mes de curso, realizarase a sesión de avaliación inicial, onde se tomará a decisión sobre os alumnos/as e as áreas nas cales se realizará unha adaptación curricular.

Cos resultados recollidos nesta avaliación, realizarase unha reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os mestres/as que impartirán as áreas ou materias que se consideren obxecto de adaptación curricular e a orientadora, co fin de decidir que novas adaptacións se elaborarán.

5. Información ás familias.

Unha vez tomada a decisión, o titor/a, co asesoramento da orientadora, informará ás familias nunha entrevista persoal na que firmarán unha autorización para o desenvolvemento da adaptación curricular.

6. Elaboración/modificación/reelaboración das Adaptacións curriculares.

O responsable de elaborar a adaptación será o mestre/a de cada área, coa colaboración do departamento de orientación, se se considera necesario. Unha vez elaborado o documento, preferiblemente no primeiro trimestre, remitirase á Inspección Educativa para a súa aprobación.

7. Seguimento da Adaptación Curricular.

Aproximadamente 15 días antes da sesión de avaliación trimestral, a orientadora, o mestre/a de Pedagogía Terapéutica, o mestre/a de Audición e Linguaxe, o mestre/a titor/a e os mestres/as especialistas reuniranse para facer unha valoración máis detallada do desenvolvemento da A.C.I. e preparar as probas conxuntamente, se se considerase necesario.

8. Avaliación final.

Cubrirase unha plantilla de avaliación da A.C.I., onde se especificará a evolución do alumno/a e a consecución dos criterios de avaliación da súa A.C.I.

12.- EDUCACIÓN EN VALORES.

ÁREA DE LINGUAS

Tratarase transversalmente e é unha das directrices que guía a selección dos textos, a elección dos temas de vocabulario e, en xeral, o desenvolvemento de todo o currículo.

Entre os contidos transversais que teñen unha presenza continuada nos materiais deste nivel:

Convivencia: unha das actitudes permanentes que se traballan é a participación activa en situacións de comunicación, respectando as normas básicas que regulan o intercambio comunicativo. O respecto polas regras do diálogo e polas opinións dos demais trabállase sobre todo, no programa de “comunicación” e, en xeral, cada vez que se producen situacións de “expresión oral”.

Educación vial: aspecto presente no traballo cos códigos máis usuais (formas, cores, símbolos...).

Educación para a saúde: o corpo, a saúde, nacer e crecer, son temas de vocabulario a través dos cales se traballa directamente este tema transversal.

Educación ambiental: as unidades que xiran arredor dos temas da natureza, os animais, as plantas, o campo, o mar,... promoven o respecto polo medio ambiente.

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Púxose especial coidado en que nin na linguaxe, nin nas ilustracións, nin nas situacións de resolución de problemas existan indicios de discriminación por sexo, nivel cultural, relixión, riqueza, aspecto físico, etc.

Ademais deste aspecto xeral, algúns temas transversais implicados nas Matemáticas son obxecto de maior desenvolvemento:

Educación para a convivencia: a través da presentación de contextos nos que o alumnado vese obrigado a valorar e xerarquizar valores. En todas as actividades colectivas, maniféstase unha valoración positiva da participación, o respecto ás opinións e normas, etc.

Educación para o consumidor: a través de contidos relacionados coa compra e a venda, que axudan a formarse unha actitude crítica cara o consumo.

Educación para a saúde: mediante a realización intencionada de certos problemas con contido relacionado con temas sanitarios.

Educación medioambiental: mediante a realización intencionada de certos problemas con contido relacionado con aspectos do medioambiente.

Educación viaria: mediante actividades relacionadas coas sinais de tráfico que aparecen nos textos, permiten facer observacións sobre o comportamento de condutores e peóns.

ÁREAS DE CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS.

No primeiro ciclo de Primaria trabállanse con especial atención os seguintes temas:

Educación medioambiental: as grandes cuestións da educación ambiental neste sexto nivel, céntranse no descubrimento do contorno e no desenvolvemento dunha actitude favorable á protección e conservación do medio inmediato.

Educación para o consumo: a educación para o consumo responsable comeza con reflexións sobre as actitudes dos nenos e nenas, que deben comezar a distinguir entre o que realmente necesitan e aquilo do que poden prescindir facilmente. Estes aspectos son traballados na maior parte das unidades didácticas integradas.

Igualdade de oportunidades entre ambos sexos: mediante a presentación da muller en situacións iguais ás dos homes, tanto no ámbito da escola como do traballo e en outras situacións cotiás. Por outra parte, emprégase unha linguaxe "coeducativa".

13.- PROXECTO LECTOR

O Proxecto Lector de Centro garante a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios. Entre estas podemos destacar que:

- Desenvolve a imaxinación e o coñecemento do mundo, dos seus poboadores, costumes e sentimentos.
- Estimula a curiosidade polo que nos rodea e acércanos a mundos lonxanos.
- Enriquece a linguaxe e aumenta a nosa capacidade de expresión.
- Educa en valores, axuda a coñecernos e a identificarnos con outros.

- Familiariza co manexo de libros, favorecendo o hábito lector.

Por todo isto, levaremos a cabo distintas intervencións en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, incorporando a biblioteca do centro e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. Isto tamén se fará a través da integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

A formación de lectores e lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura será un dos nosos principios obxectivos, e para acadalo destinaranse todos os días 30 minutos á lectura na aula ou na biblioteca nos plans de traballo ou nas diferentes actividades plantexadas, pero non só se traballará a lectura mecánica, senón que tamén se fomentará a lectura comprensiva, que esixe un traballo progresivo e continuado. Para elo realízanse tamén tarefas variadas de comprensión lectora, expresión escrita, etc que servirán de apoio a labor realizada nas materias.

Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

14.- PLAN TIC

Neste 6º nivel de Educación Primaria o alumnado aproximarase ás tecnoloxías da información e da comunicación principalmente a través de distintos soportes:

- Proxecto Abalar (Pendente de arranxo)

- Outras realidades que se presentan ao alumnado este curso son: impresión 3D, robótica, realidade aumentada, realidade virtual,...

15.- PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia é o documento que serve para concretar a organización e o funcionamento do centro en relación coa convivencia. Nel establécense as liñas xerais do modelo de convivencia a adoptar no centro, os obxectivos específicos a acadar , as normas que o regularán e as actuacións a realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos .

Farase unha distinción entre o seguinte:

- Convivencia entre o alumnado

- Convivencia entre o profesorado do centro

- Relación coas institucións e agrupacións do contorno escolar.

CONVIVENCIA ENTRE O ALUMNADO:

Estudando o contorno que rodea aos nosos/as alumnos/as non se aprecian graves problemas de convivencia, aínda que, ás veces algunhas situacións están revestidas de certa indisciplina que se solventa aplicando o establecido no NOF.

Obxectivos:

- Compartir os espazos comúns.

- Respectar aos demais.

- Aceptar e cumprir as normas.

- Resolver pacíficamente os conflitos.

- Coidar as instalación.

Actividades:

- Sesións de xogos e charlas cos titores e coa orientadora do centro para analizar como perciben os/as nenos/as as relacións cos seus compañeiros e identificar os conflitos máis frecuentes entre eles.
- Sesións de xogos e charlas para analizar como percibe o alumnado as relacións cos mestres e identificar os posibles conflitos.
- Traballo coas emocións e sentimentos propios e alleos en relación cos problemas de conducta e/ou convivencia que existan entre o alumnado e entre o alumnado e o profesorado.

CONVIVENCIA ENTRE O PROFESORADO DO CENTRO:

Aportar a nosa opinión sobre os criterios que se están a seguir en aspectos referentes á organización do centro, tales como:

- A elaboración de horarios.
- A vixilancia nos recreos e corredores.

- alumnado con NEAE e o establecemento de apoios

- funcionamento dos equipos docentes (reunión, liñas de comunicación colaboración, traballo en equipo, toma de decisión e acordos)

- As substitucións

- A distribución do alumnado

- Escolarización do alumnado procedente do estranxeiro.

- Participación en distintos programas de innovación.

- Acollida ao profesorado novo

- Manifestar as nosas impresións con referencia a temas que afectan ao alumnado tales como: Indisciplina, aillamento, absentismo, acoso, retrasos, ausencia de material para traballar, faltas de respecto tanto hacia o/a mestre/a como hacia os/as compañeiros/as. Tódolos temas trataranse nas reunións de ciclo.

RELACIÓN COAS INSTITUCIÓNS E AGRUPACIÓNS DO CONTORNO ESCOLAR: Reunións de coordinación mantidas cos outros centros do concello co obxectivo de obter información e diagnósticos sobre o alumnado. Analizar o grado de participación das familias, identificar as situacións que xeran conflitos: reunións de clase, entrevistas co titor o titora, reclamacións individuais ou de grupo.

16.- PLAN LINGÜÍSTICO DE CENTRO

Tal e como sinala o Plan Lingüístico a lingua na que se expresan normalmente o alumnado e o profesorado de centro é o galego, polo que será o idioma vehicular na docencia a excepción das asignaturas que se impartirán en castelán atendendo ao Decreto de Plurilingüismo, no noso caso matemáticas, educación plástica e educación física.

No sexto nivel de Educación Primaria desenvolveremos as seguintes actividades lingüísticas:

Lecturas de contos (en galego e en castelán). Diferentes lecturas individuais, en pequenos grupos ou para o grupo-clase.

Obradoiro de contos: Co fin de animar á lectura ó noso alumnado organiza unha biblioteca de aula onde compartir lecturas co resto do alumnado e onde se desenvolven actividades de expresión oral, escrita e dramática.

Dende a Biblioteca o EDNL e o Equipo de Actividades Complementarias organizan unha serie de actividades nas que tamén participaremos e que entre outros obxectivos teñen como intención o desenvolvemento da competencia lingüística

- Participarase en concursos relacionados coa lingua galega.
- Elaboraranse carteis, debuxos e adhesivos en favor do uso do idioma de Galicia.

17.- RECURSOS

Non traballamos con libros de texto polos seguintes motivos:

Presentan os coñecementos de forma dogmática.

Impoñen os saberes, non incitan nin axudan a construílos.

Máis que divulgar os coñecementos, os vulgarizan e trivializan.

Substitúen calquera outra fonte de información.

Presentan unha estrutura ríxida, que non facilita a adaptación das situacións de aprendizaxe ao contexto. Non fomentan a iniciativa do profesorado.

Non se contextualizan na realidade máis próxima do alumnado.

Automatiza ao alumnado impedíndolles traballar con orixinalidade ou imaxinando situacións diferentes ás que nel se plantexan.

Adquiren un valor prescriptivo: marcan a programación e o seu seguimento.

Elabóranse e distribúen con criterios de mercado, non pedagóxicos nin sociais.

Sobreviven a calquera cambio curricular: a súa capacidade camaleónica de adaptación desvirtúa toda innovación que se tente por vía do currículo.

á hora de enfrontarse á impartición dunha clase debe seleccionar os recursos e materiais didácticos que ten todo docente pensado utilizar. É fundamental elixir adecuadamente os recursos e materiais didácticos porque constitúen ferramentas fundamentais para o desenvolvemento e enriquecemento do proceso de ensino-aprendizaxe dos alumnos.

No noso centro a elección do material didáctico correspóndelle ao profesorado responsable de cada titoría, especialidade ou contexto de aprendizaxe. A dirección do centro garantirá que o alumnado poida dispoñer do mellor material didáctico para traballar nas aulas.

En referencia ao material funxible, son moitas as posibilidades de organización:

o Xestionados totalmente polo centro con aportacións económicas das familias.

o Solicitados polos titores e mercados polas familias.

o Solicitados polo profesorado e mercados a través dunha cooperativa coas familias coa dotación económica

que as familias aportarán a esa cooperativa.

o Facilitados polo centro para o traballo diario nas aulas.

CONTEXTO HUMANÍSTICO:

O contexto humanístico estruturase en diferentes recantos nos que se empregan os seguintes recursos e materiais: o

RECANTO DOCUMENTAL: libros de consulta de diferente tipoloxía, fichas para completar información, infografías,

murais, presentacións ...

o RECANTO XEOGRÁFICO: diferentes tipos de mapas, planos, atlas, globo terráqueo, sistemas de

xeolocalización...

o RECANTO AUDIOVISUAL: dispositivos móbiles, proxector, ordenador, aplicacións dixitais, cámara dixital, recursos

interactivos...

o RECANTO ARTÍSTICO/EXPERIMENTAL: cartolinas, diferentes tipos de papeis, lapis de cores, témperas, rotuladores, materiais reutilizados...

Ademais, para tratar temas máis específicos úsanse outros recursos como: táboas de observación, termómetro ambiental, liñas do tempo, planetario, colección de rochas e minerais...

CONTEXTO CIENTÍFICO

No momento da programación das actividades debemos facer constar que material precisamos. Neste sentido unha posible clasificación sería:

Material para tratar diversos tipos de contidos: mapas, atlas, dicionarios, fichas, murais, maquetas, material de laboratorio, bloques lóxicos,...

Material de ampliación e investigación: bibliotecas temáticas, acuarios, terrarios, fichas auto correctivas, material de laboratorio, de impresión,..

Material lúdico: xogos didácticos, aros, xogos de estratexia e simulación,...

Material audiovisual e informático: tablets, vídeo, computador, CDs,...

Materiais ou recursos que ofrece o medio escolar e o contorna socio natural no que vive o neno: persoas, institucións, monumentos, xardíns, paraxes naturais,...

Hai que ter en conta unha serie de condicións que debe cumprir todo material didáctico; estas son, entre outras: ser seguro, é dicir, non presentar ningún tipo de perigo, como toxicidade ou arestas cortantes, ser resistente e duradeiro, ser de fácil manexo, poder utilizarse con finalidade pedagóxica, ser atractivo, ser polivalente, non ser moi estruturado, isto é, que permita actuar ao neno.

Ademais haberá suficiente cantidade de material como para satisfacer as necesidades de todos os nenos e nenas.

Estará situado sempre ao alcance destes, para que poidan dispoñer del. Aparecerá agrupado segundo as actividades que permita realizar.

Tan importante como a selección de material é a súa localización na aula que para o caso da aula de 6o de EP onde se desenvolve o "Contexto Científico" está estruturada en catro recantos:

o RECANTO Tics: computadores con conexión a Internet dotados do software, pizarra dixital, tablets, impresora, cámara dixital, reprodutor de DVD, CDs... Todos estes recursos servennos para crear e desenvolver no noso alumnado a imaxinación e a creatividade como medios de apoio e ampliación aos contidos traballados.

RECANTO MUSEO: cola, celo, papeis variados, cartolinas, ceras e lapis de cores, témperas, rotuladores, regras, compases, plastilina, gomas, lapis, chinchetas, cartóns, pistola de silicona, las e fíos. Con todos estes materiais os nenos poden recrear maquetas, construír murais e preparar materias didácticos diversos cos que poden decorar a aula e afianzar os seus coñecementos.

RECANTO BIBLIOTECA: libros de diferente tipoloxía, enciclopedias, guías didácticas, xogos didácticos e manipulativos de temáticas diversas (alimentación, animais, reciclaxe), material impreso (fichas de reforzo e ampliación,...).

RECANTO LABORATORIO: este recanto achega gran valor ao contexto científico porque permite ao alumnado traballar de xeito manipulativo os contidos conceptuais e polo tanto realizar unha aprendizaxe máis motivadora e significativa. O neno aprende a través da actividade-interactividade, neste recanto inclúense: balanzas, pesas, termómetros, metros, cintas de medir e regras, pilas, cables, envases calibrados (pipeta, bureta, probeta, vasos de precipitados, embudes de decantación, erlenmeyer,...), lupas, lámpadas, reactivos non tóxicos, lentes, luvas, batas, microscopios, globos, produtos orgánicos, alimentos, plantas, etc.

CONTEXTO LINGÜÍSTICO-LITERARIO:

No contexto lingüístico e literario desenvólvense proxectos relacionados coa utilidade da lingua, tanto na súa oralidade como na vertente escrita.

Para o desenvolvemento destes proxectos estableceuse unha estruturación espacial no interior da aula en catro recantos que definen os materiais didácticos a utilizar:

Literatura Creativa: Nel botarase man de materias como: tablet, ordenador portátil, aplicacións de creación de diferentes tipos de textos e traballos lingüísticos: pixton, procesadores de textos, software para a elaboración de presentacións... así como outro tipo de material máis tradicional coma o lápiz e o papel. Neste recanto tamén son de uso masivo diferentes tipos de recursos bibliográficos nos seus formatos: novela, relato, conto, poemas, teatro...

Procesando Textos: Ademáis dos utilizados anteriormente, tamén se utilizarán monicreques, teatrillos para a elaboración de obras teatrais, Imaxes, videos, mapas mentais..etc.

Pasatempos: Neste recanto utilizamos diferentes pasatempos en formato revista ou fotocopiado así como todos os materiais anteriores para a elaboración de pasatempos polo propio alumnado. Tamén utilizamos nel as redes sociais, materias para a ilustración de relatos...etc.

Conferencias: É este un espazo pensado para o traballo da oralidade. Son fundamentais todos os materiais que configuran a nosa radio escolar (microfonos, auriculares, pc, mesa de mezclas...). Tamén ten un importante uso a gravadora de voz para a creación de diferentes traballos relacionados coa lectura.

A maiores de todo este material que se usa no contexto lingüístico literario tamén hai que constar todo aquel material que se integra no INFORMADEIRO como o lugar onde se ubican os medios de comunicación escolares que utilizaremos para darlle saída aos traballos do alumando.

CONTEXTO MATEMÁTICO

No momento de programar os diferentes plans de traballo temos en conta o material que dispoñemos no centro para garantir un desenvolvemento correcto dos diferentes plans, outro material tivo que ser comprado pola ausencia do mesmo.

Neste sentido unha posible clasificación sería:

- Material de debuxo: regras, escuadras, cartabóns, compases, transportadores, escalímetros,...
- Material manipulable: pesas, metros, figuras xeométricas, corpos xeométricos, fraccións, reloxos, termómetros, calculadoras, reloxo, diñeiro, regretas, material de base 10, probetas,...
- Material de creación: cartolinas, xeoplanos, bloques lóxicos, policubos, bloques xeométricos, robot,...
- Material informático: O uso da tecnoloxía estivo presente en todos os proxectos desenvolvidos. Ferramentas tecnolóxicas como: tabletas, ordenadores, portátiles, variadas apps e software informáticos para a edición de textos, audios, imaxes e vídeos, cámaras de fotos e vídeo, a radio escolar...

- Materiais ou recursos que ofrece o medio escolar e a contorna socio-natural na que vive o alumnado. Este material axudou a desenvolver os diferentes recantos do contexto matemático:

Recanto Xeometría

No recanto de xeometría queremos que o alumnado se achegue a determinados contidos matemático que fan referencia a figuras e corpos xeométricas, planos, perpendicularidade, circunferencia,... para iso precisamos regras, escuadras, cartabóns, transportadores, escalímetros...

Recanto Vida Cotiá

No recanto da Vida Cotiá pretendemos “tocar” as matemáticas, medindo, pesando, tocando,... para poder levar a cabo isto precisamos pesas, metros, figuras xeométricas, corpos xeométricos, reloxos, termómetros, fraccións, regretas,...

Recanto Tratamento da Información

As facturas, recibos, tickets,... serven para achegarse o alumnado a unha interpretación da realidade presente nas súas vidas. Poder interpretar esta información axudará a entender conceptos presentes nos contidos matemáticos coma as táboas, porcentaxe, tanto por cento, fracción,... así coma moitos outros. Axudámonos neste recanto das tabletas e ordenadores.

Recanto do Supermercado

O supermercado que temos na aula permítenos unha diversidade de actividades, dende prezos, capacidade, volume, peso,... polo que o alumnado utilizou este recanto para a adquisición de diferentes contidos presentes no currículo. Os envases tamén nos serviron para traballar os corpos xeométricos e debuxalos.

Recanto Creación

A posibilidade que ten o alumnado de crear a súa propia aprendizaxe estivo presente neste recanto que creamos no último trimestre coa presenza do Robobo. O robobo e a linguaxe de programación permitiunos traballar distancias, velocidades, ángulos, figuras xeométricas,... Ademais contamos con xeoplanos, policubos, bloques xeométricos,... que nos axudaron á aprendizaxe de diferentes contidos.

18.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Ao longo do curso participaremos nas actividades complementarias e extraescolares que propoñan os equipos do centro ou o departamento de orientación. As saídas xa foron consensuadas co equipo de mestras de Educación Infantil e están explicitadas na Programación Xeral Anual. Coa baixa ratio das aulas, vémonos na obriga de facer saídas coa etapa de Educación Infantil para abaratar os custos do transporte.

Debemos integrar aquí que pode haber saídas que non foron previstas a día de hoxe ou que xurdirán máis para diante que puideran ser do noso interese en función dos proxectos que se aborden ao longo do curso e que necesitemos facer. Integraranse todos os cambios neste apartado na memoria final de curso.

OUTRAS ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Como complemento ao currículo traballaranse actividades relacionadas con:

Magosto

Inverno: O Pandigueiro.

Entroido.

Día do Libro

Semana das Letras Galegas.

E todas aquelas actividades propostas polos diferentes equipos do centro: EDLG, Biblioteca...

19.- PROCEDIMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación atendendo a:

Grao de consecución dos obxectivos.

Adecuación das actividades ao alumnado ás que van dirixidas. Modificacións necesarias na metodoloxía de traballo co alumnado. Necesidade de novas estruturas e procesos de ensino e aprendizaxe. Adecuación e suficiencia dos recursos

Adecuación da atención á diversidade

Valoración dos Proxectos Lector, Tics, Convivencia e Lingüístico Temporalidade axeitada.

Tipoloxía de avaliación e resultados obtidos desta modalidade de avaliación. Implicación de todos os participantes

Grao de satisfacción dos implicados

Nas reunións de ciclo faremos unha revisión de cada un destes puntos para tomar nota dos aspectos a mellorar ou cambiar da programación de ciclo, que recolleremos por escrito e engadiremos á memoria final.

ANEXO

Ao longo do primeiro trimestre traballaremos aqueles contidos que quedaron pendentes polo confinamento, tal e como quedou reflexado na Programación Adaptada.

No caso de novos confinamentos traballaremos a través das ferramentas dixitais da Consellería, tal como aula virtual, e Webex.